

QUÉ É UN COMPOSTEIRO?

Recipiente onde se pode descompoñer a materia orgánica que imos depositando co obxectivo de obter un abono ecolóxico que serve para nutrir as plantas.

Se tes unha vivenda unifamiliar cun xardín ou unha horta non o penses máis e PARTICIPA!

CONTACTO:

981 377 585

medioambiente@boiro.org


www.boiro.gal

2º Andar do Edificio da Casa Consistorial, Plaza de Galicia, Boiro - A Coruña, CP: 15930



Programa de COMPOSTAXE DOMÉSTICO

WWW.BOIRO.GAL



PROCESO A SEGUIR

O principal é colocar o composteiro nun lugar axeitado.

1

EN CONTACTO DIRECTO COA TERRA

para que os organismos descompoñedores teñan un acceso máis doado ao interior do composteiro. Non se debe por sobre o asfalto ou outro pavimento, xa que impediría a colonización destes organismos. Recoméndase poñer unha rede pola parte inferior para evitar a entrada a pequenos roedores.

2

ZONA SOMBREADA

protexida de cambios bruscos de humidade e temperatura. Por comodidade, nun sitio próximo á vivenda.

3

COMEZAMOS A DEPOSITAR

no composteiro os restos orgánicos procedentes da cociña e do xardín, a poder ser do menor tamaño posible, para que a súa descomposición sexa favorecida.

4

FORMAMOS UNHA CAPA

de restos de poda duns 10-15 cm, no fondo do composteiro, favorecendo a aireación e drenaxe dos residuos acumulados.

5

ENGADIMOS RESTOS ORGÁNICOS

procedentes da cociña.

6

COLOCAMOS OUTRA CAPA

de restos de poda, e así de maneira sucesiva.

VANTAXES DO COMPOSTEIRO

A súa función é manter as condicións adecuadas de humidade e temperatura para a elaboración do compost, evitando a entrada de pequenos vertebrados como roedores que poidan alterar este proceso.

PERMITE MANTER A ZONA LIMPA E RECOLLIDA

ACELERA O PROCESO DE COMPOSTAXE

EVITA MALOS CHEIROS

FACILITA O CONTROL DA HUMIDADE, TEMPERATURA E OSÍXENO

FÁCIL MONTAXE E MANTEMENTO SINXELO

